

BANDO

A Xunta de Galicia ven de publicar a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e máis concretamente a disposición dirixida á eximir do pagamento do canon da auga ou do coeficiente de vertedura os consumos de auga correspondentes aos periodos de facturación comprendidos entre o 5 de novembro de 2020 e ata a data na que se levante a declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020, ambas datas incluídas, nos establecementos que se mencionan na orde citada sempre que estes teñan diminuído significativamente a súa actividade no dito período, isto é que os consumos realizados sexan iguais ou inferiores ao 25% do consumo realizado no período de facturación inmediatamente anterior ao 5 de novembro de 2020.

D JUAN CARLOS SERRANO LOPEZ.- ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTOMARIN

FAI SABER

Que en aplicación da orde citada anteriormente os seguintes establecementos:

- a) Establecementos de restauración: restaurantes, salóns de banquetes, cafeterías e bares.
- b) Os seguintes establecementos de lecer e entretemento: salas de festas, discotecas, pubs, cafés espectáculo e furanchos.
- c) Hoteis e aloxamentos turísticos.
- d) Albergues turísticos.

E que o seu consumo sexa igual ou inferior ao 25% do consumo realizado no período de facturación inmediatamente anterior ao 5 de novembro de 2020, quedará **eximido do pagamento do canon da auga** dende o 5 de novembro de 2020 ata a data na que se levante a declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

**Asinado electronicamente a marxe do documento
O Alcalde,**

Fdo. Juan Carlos Serrano López

